

PLAN DIXITAL

CEIP VELEIRO DOCAMPO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

Entendemos o Plan Dixital de Centro (PD) como un instrumento que adecúe e facilite o uso dos medios dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, entendido dende o obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do alumnado.

1.1. Datos básicos do centro

Datos do centro.

- Tipo de centro: CEIP
- Titularidade: pública
- Denominación oficial: CEIP Veleiro Docampo
- Enderezo: Avda. Terra Chá, s/n
- Localidade: Castro de Ribeiras de Lea
- Concello: Castro de Rei
- Provincia: Lugo
- CP: 27260
- Tel.: 982828125 Fax: 982828131
- Correo electrónico: ceip.veleiro.docampo@edu.xunta.gal
- Páxina Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipveleirodocampo>
- Código do centro: 27001816
- NIF: Q - 2768020 - F

Unidades do centro.

O número de unidades creadas son 11:

- Educación Infantil: 3
- Educación Primaria: 8

O número de unidades en funcionamento son 13:

- Educación Infantil: 4
- Educación Primaria: 9
 - (1º e 2º Primaria): 3
 - (3º e 4º Primaria): 2
 - (5º e 6º Primaria): 4

Alumnado

O número actual de alumnos/as é de 224 e está distribuído da seguinte maneira:

	INFANTIL					PRIMARIA									
	4ºA	4º B	5º	6º	Total	1ºA	1ºB	2º	3º	4º	5ºA	5ºB	6ºA	6ºB	Total
Alumnado curso 2021/2022	13	13	25	18	69	18	15	23	18	20	18	15	15	13	155

Profesorado no curso 2021-2022

	Ed. Inf.	Ed. Pri.	Inglés	Francés	Ed. Fis.	P.T.	A.L.	Orientación	Música
	031	038	032	033	034	036	037	039	035
Def.	4	7	2	0	0	1	1c	1c	0
Prov.	1	1	0	1	2	2	0	0	1

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Veleiro Docampo está situado na localidade de Castro Ribeiras de Lea, pertencente ao concello de Castro de Rei. Neste concello, ademais de diferentes parroquias de carácter rural, existen dous núcleos poboacionais principais con características semiurbanas, un deles é onde se localiza o centro educativo.

O colexio Veleiro Docampo atende a alumnado procedente de parte das parroquias situadas xeograficamente ao sur do Concello de Castro de Rei (Triabá, San Xiao de Mos, Ribeiras de Lea, Duarría, Dumpín, Duancos, Orizón, Mondrid, Ludrio, Loentia e Bendia) e outras limítrofes pertencentes ao Concello de Cospeito (caso de Xustás e Bexán).

Castro Ribeiras de Lea é un referente principal de toda a zona, no que se refire a servizos administrativos (salvo a casa do Concello e o posto da Garda Civil) e no ámbito económico. E unha localidade que ten identidade propia, con recursos en ámbitos coma o lecer, asociacionismo etc., á vez que actúa como referente administrativo e económico para as aldeas limítrofes. Nos últimos anos tense producido un importante incremento da poboación.

Ao centro acude tamén alumnado doutras zonas educativas, por decisións de ámbito familiar.

En relación ás TICs, é preciso mencionar que a maioría das familias do centro posúe algún recurso tecnolóxico, como unha tableta ou un ordenador, aínda que en moitos casos este recurso límitase a un teléfono móbil. A conexión a internet é bastante limitada debido á mala cobertura da zona, só existe fibra óptica na vila e estase a iniciar o cableado dalgunha das parroquias.

Debido á situación derivada da COVID19, podemos constatar que o nivel de competencia das familias en relación ao uso das TICs é na súa maioría básico.

Tamén é preciso mencionar que o noso centro participa no programa E-Dixgal.

Tendo en conta o contexto anterior, elaboramos o Plan Dixital, coa finalidade de dar un enfoque de centro ao uso dos recursos pedagóxicos dixitais, de xeito que se converta nun proxecto compartido para todos os membros da comunidade educativa, que dea coherencia e guíe o uso das tecnoloxías. Será un instrumento que forme parte do Proxecto Educativo e da Programación Xeral Anual.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Normativa a ter en conta para a elaboración do PD de centro:

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Ao inicio deste curso, 2021-2022, constitúese o Equipo de Dinamización do Plan Dixital, coa finalidade de elaborar dito documento.

Os pasos a seguir foron os seguintes:

1. Realizar a análise da situación do centro a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.
2. Realizar a diagnose de situación do centro. A partir do Informe SELFIE, obtivemos un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que nos permitiu a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións. O Informe Individual do test CDD permitiu coñecer as competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, o que facilitará planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente.
3. A partir das análises anteriores establécese o Plan de Acción, no que se determinan os obxectivos que queremos conseguir e as accións necesarias para acadar eses obxectivos. A partir deste Plan de Acción elabórase o Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

➤ Infraestrutura dixital.

- Espazos do centro con conexión a internet por cable:

- 5 aulas.
- 3 despachos de administración.
- Biblioteca
- Sala de profesores

- Conexión a internet por wifi: as restantes dependencias do centro.

➤ Equipamento.

- Aulas dixitalizadas:

- 13 aulas de titoría, estando 4 delas no proxecto E-Dixgal.
- Aula de música.
- Aula de inglés.

- Aula de relixión.

A maioría destas aulas presentan deficiencias debido a equipos moi antigos ou que non funcionan axeitadamente.

- Aulas de PT e AL contan unicamente con ordenador.
- Biblioteca: conta con dous ordenadores, un destinado á xestión do catálogo de libros e outro para uso do equipo de biblioteca. Tamén conta con proxector e impresora.
- Postos de xestión e administración: existen tres postos de xestión con ordenador e conexión á fotocopiadora do centro.
- Equipos para o uso do profesorado e departamentos:
 - Equipamento E-Dixgal para o profesorado que imparte clases neste programa.
 - Departamento de Orientación: 1 ordenador.
 - Equipos ultrapotátiles: dotación para catro unidades.

➤ **Servizos dixitais educativos.**

Os servizos dixitais utilizados no centro son unicamente corporativos:

- Proxecto E-Dixgal.
- Aula virtual.
- Páxina web do centro.
- Espazo Abalar.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3.3
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3
	Alumnado	4.3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3
	Alumnado	4.1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	4.1
	Alumnado	

E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	4.2
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	2.7
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.4
	Alumnado	4.3

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	15	18	83,3%
PROVISIONAL	5	5	100%
INTERINO	2	3	66,7%
SUBSTITUTO	1	2	50%
DESPRAZADO	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	85,4	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI	70,4	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	13	54,2%
B1	6	25%
B2	4	16,7%
C1	1	4,2%
C2		
TOTAL	24	100,1%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Acceso a internet en todas as aulas (C3) 2. A infraestrutura dixital nas aula de 5º e 6º apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais(programa E-Dixgal) (C1-C2) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A infraestrutura dixital das aulas non E-Dixgal (incluídas aulas de PT e AL) e espazos comúns non é adecuado para levar a cabo procesos de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (C1-C2)
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 3. Algúns docentes do centro pensan que é importante, e necesario, afondar na dixitalización do ensino. 4. O profesorado conta co apoio do equipo directivo á hora de probar novas modalidades de ensino (A3) 5. Implicación dixital dunha alta porcentaxe do claustro. 6. Existen debates e reflexión sobre as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais (B2) 	<ol style="list-style-type: none"> 2. Falta de formación do equipo docente. 3. Falta de coñecemento do que se pode chegar a conseguir coa dixitalización do ensino/aprendizaxe en xeral, e sobre todo na etapa de Educación Infantil. 4. Falta de implicación do persoal docente por non saber en que mellora a dixitalización o proceso de ensino-aprendizaxe. 5. Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital (A4) 6. Non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais (B1) 7. Uso das tecnoloxías dixitais para adaptar o método de ensino ás necesidades individuais do alumnado: fomentar a creatividade, motivación, colaboración e traballo interdisciplinar (F1-F3-F4-F5-F6) 8. Escaso uso das tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado e para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe ou poda levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus

		compañeiros. (G1-G5-G6) 9. Dúbdas, por parte do profesorado do centro, sobre a parte negativa que observamos na utilización da infraestrutura dixital por parte do alumnado.
	PERSOAL NON DOCENTE	
	ALUMNADO	10. Dificultade de uso da aula virtual nos cursos inferiores a 4º de educación primaria (E3)
	FAMILIAS	7. Nos últimos cursos, as familias, incrementaron a dotación de infraestrutura informática. 11. Falta formación para as familias.
	OFERTA	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	8. A utilización do programa E-Dixgal no centro. 9. No noso centro, existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe (C16) 10. Coñecemos e respectamos as licenzas de autor (A5) 12. Non existe unha estratexia dixital (A1) 13. A asistencia técnica non está dispoñible no noso centro cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais (C5) 14. Non existen sistemas de protección de datos (C7)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Oportunidade de contarlle á Consellería que necesitamos infraestrutura. 2. Oportunidade de solicitar horario para formación neste eido. 3. A cantidade de cartos que Europa vai aportar para este plan (parece ser). 4. Oportunidade para buscar asesoramento sobre o que se pode conseguir coa dixitalización do ensino/aprendizaxe. 5. Estabilidade do persoal docente. 6. Formación dixital continua no propio centro (D1-D2-D3) 7. Actualización equipamento dixital para a aprendizaxe no centro (C1-C2)	1. Ordenadores que chegan aos centros debería vir con acceso restrinxido a determinadas páxinas non axeitadas. 2. O traballo diario docente vese dificultado pola maqueta Abalar/ sistema operativo Linux.
	LEXISLACIÓN		3. Ratios elevadas (F-G-H) 4. Moita burocracia (F) 5. Cambios lexislativos constantes (A-D-F-G)
	ANPA	8. Promover a implicación das familias. 9. Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.	6. Dúbdas, por parte das nais e pais, sobre a aprendizaxe dixital. 7. Dúbdas, por parte do profesorado do

			centro, sobre a parte negativa que observamos na utilización da infraestrutura dixital por parte do alumnado fóra do centro.
	CONTORNA	10. Creación de canles colaborativas e asesoramento entre o profesorado do noso centro e da contorna (B-E)	8. Mala conexión a internet na área rural onde está inserto o CEIP.
	OUTRAS ENTIDADES	11. Utilizar tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións ou entidades (B3)	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración do PD é preciso seleccionar unhas áreas de mellora e buscar, en cada unha delas, cales son os obxectivos prioritarios para poder superar as debilidades e ameazas detectadas empregando as oportunidades e fortalezas. Estes obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) , relacionados coas súas correspondentes accións serán incluídos no PD e actualizados cada curso académico.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle a seguinte información:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporalización e determinar os recursos necesarios.

A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do PD.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Atendendo aos obxectivos establecidos neste PD solicitamos:

- A correcta dixitalización das aulas do centro incluíndo as aulas específicas (AL, PT, Inglés, Música e Relixión).
- Equipos de gravación de imaxe e son para cada unha das aulas.
- Tabletas para os cursos de 1º, 2º e 3º de primaria.
- Ordenadores portátiles para o alumnado de 4º de primaria.
- Tabletas e auriculares para a aula de inglés, coa finalidade de poder facer actividades de audición individuais, nese idioma.
- Equipamento actualizado para a xestión da biblioteca e equipamento de consulta para os usuarios da mesma (alumnado e familias).
- Dous ordenadores para a sala do profesorado.
- Unha mesa de luz e un ordenador portátil para traballar co alumnado con NEAE, solicitado polas mestras de atención preferente.
- Unha das titoras de primeiro de primaria solicita: uns altosfalantes con Bluetooth, unha cámara de fotos, un reprodutor de Cds e memorias USB coa finalidade de utilizar todos estes materiais na realización de actividades didácticas.
- O titor de cuarto de primaria solicita: un disco duro portátil coa finalidade de gardar a documentación da aula e varias memorias USB para ensinar ao alumnado a súa utilización.
- Unha impresora para a aula de PT, para poder imprimir material específico para o alumnado de NEAE.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula						
OBXECTIVO 1	Iniciar a familiarización do alumnado co uso das TIC.				Acadado	
Responsable	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de aulas que incorporan as TIC no proceso ensinanza- aprendizaxe.					
Valor de partida	2 niveles educativos de Educación Primaria utilizando E-Dixgal.					
Valor previsto e data	50% dos docentes incorporen as TIC na súa práctica na aula.			DATA: Fin do curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Revisar a infraestrutura e o equipamento do centro, incluíndo as distintas especialidades (EF, EM, PT, AL, Inglés) e elaborar o listado de necesidades e solicitar á xunta os recursos necesarios.	Equipo TIC	Mes de outubro do 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Aproximar ao alumnado de EI, no uso dos encerados dixitais e na utilización de dispositivos de gravación de son e imaxe.	Responsable TIC do ciclo de EI.	Xuño de 2024	Encerados dixitais, proxectores, ordenadores, gravadoras de imaxe e son e software necesario.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Aproximar ao alumnado de 1º. 2º e 3º de primaria, no uso de tabletas e de dispositivos de gravación de son e imaxe.	Responsable TIC do primeiro ciclo de primaria.	Xuño de 2024	Tabletas, encerados dixitais, proxectores, ordenadores, gravadoras de imaxe e son e software necesario.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Aproximar e afondar no uso do ordenador co alumnado de 4º primaria, así como iniciar o uso de dispositivos de gravación de son e imaxe.	Responsable TIC do segundo e terceiro ciclo de primaria.	Xuño de 2024	Tabletas, encerados dixitais, proxectores, ordenadores, gravadoras de imaxe e son e software necesario.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: A. LIDERADO							
OBXECTIVO 2	Elaborar un protocolo para crear produtos multimedia con imaxe, vídeo e/ou son dentro da estratexia dixital do centro. (A1)				Acadado		
Responsable	Equipo dinamización TIC encabezado pola persoa coordinadora.				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Protocolo creado, divulgado e coñecido coa aprobación de Claustro e Consello Escolar.						
Valor de partida	Inexistencia de protocolo.						
Valor previsto e data	Existencia dun protocolo adaptado á nosa realidade.			Finais de maio 2023.			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO2.1: Nomear a persoa coordinadora, con asignación horaria, e integrantes do equipo de dinamización TIC.	Persoa directora	Setembro 2022	Claustro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Elaborar dossier co profesorado que ten programado crear produtos multimedia co alumnado.	Persoa coordinadora TIC	15 outubro 2022	Claustro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3: Desenvolver formación no PFPP sobre lexislación ao respecto e nomear coordinador/a.	Director Persoa coordinadora PFPP	Nadal 2022	Claustro Servizo formación profesorado Experto/a lexislación			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.4: Elaborar protocolo para crear produtos multimedia co alumnado.	Docentes asistentes ao PFPP	2º Trimestre curso 2022-23	Claustro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

AO2.5: Difusión do protocolo á comunidade educativa.	Persoa coordinadora	Abril 2023	Consello Escolar Espazo web e as diferentes canles de comunicación do centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Infraestruturas e Equipos					
OBXECTIVO 3	Crear repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza-aprendizaxe. (C.16)				Acadado
Responsable	Equipo directivo e coordinador/a TIC.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Existencia dun repositorio na aula virtual do centro con materiais de ensinanza-aprendizaxe para as diferentes áreas e etapas.				
Valor de partida	Inexistencia de repositorio.				
Valor previsto e data	Existencia de repositorio con materiais de ensinanza-aprendizaxe para as diferentes áreas.			Remate do curso 2022/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO3.1: Formar un grupo colaborativo de docentes para crear unha unidade de aprendizaxe na aula virtual como repositorio/biblioteca con materiais de E-A dixitais.	Equipo directivo e coordinador/a TIC.	2º trimestre do curso 2022-2023.	Tecnoloxía dixital básica. Grupo colaborativo de docentes.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.2: Informar ao claustro da existencia do repositorio co fin de que poidan compartir os seus materiais.	Grupo colaborativo de docentes.	Unha vez creado o repositorio na aula virtual.			Realizada
					Aprazada
					Pendente

4. Avaliación do PD

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, realizarase do seguinte xeito:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será presentado ao Consello Escolar, para a súa aprobación na última reunión do curso 2021-2022, unha vez oído o Claustro. Realizada a aprobación, será dado a coñecer a toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro.